

A GUERRA CIVIL ESPAÑOLA (1936-1939)

1. INTRODUCCIÓN E CAUSAS

A Guerra Civil Española supuxo o enfrontamento entre dúas concepcións opostas de España e serviu de prólogo á II Guerra Mundial. O conflito non foi un feito illado, senón o resultado da profunda polarización social e política xerada polas reformas radicais (agraria, militar, relixiosa) do Bienio Reformista e a posterior reacción conservadora.

Causas Inmediatas

- **Triunfo do Fronte Popular (Febreiro 1936):** Polarización extrema. A dereita (CEDA, falanxistas) e sectores militares perciben o goberno de esquerdas como unha ameaza revolucionaria. En Galicia, o Fronte Popular triunfa grazas ao apoio do nacionalismo (**Partido Galeguista**) tras a aprobación do Estatuto de Autonomía en xuño.
- **Crise de orde pública.** Radicalización da rúa, queima de conventos, ocupación de terras e violencia política (pistoleirismo). Sucédense folgas e unha gran tensión social.
- **Conspiración Militar:** Dirixida polo xeneral **Emilio Mola** ("*o Director*") desde Pamplona, co apoio de sectores monárquicos, carlistas e falanxistas. Estruturou un golpe de forza simultáneo en toda España, co obxectivo de derribar o goberno republicano; e establecer unha ditadura militar temporal. Entre os líderes destacan tamén os **Xenerais Sanjurjo e Franco**.
- **Detonante:** O asasinato do tenente **José Castillo** (Guardia de Asalto) por grupos de dereita e a posterior resposta co asasinato do deputado dereitista **José Calvo Sotelo** (13 de xullo de 1936, nado en Tui) aceleraron os plans do golpe.

2. A SUBLEVACIÓN E A DIVISIÓN DE ESPAÑA

O alzamento comezou en Melilla o **17 de xullo de 1936** e estendeuse á Península o día 18. Franco viaxa desde Canarias a Marrocos no *Dragón Rapide* para dirixir o Exército de África. O golpe triunfou nas zonas rurais e conservadoras, pero fracasou nas grandes cidades e rexións industriais, o que converteu o golpe nunha guerra civil prolongada. Creáronse dous bandos enfrontados:

2.1 BANDOS ENFRONTADOS.

- **Bando Sublevado (Nacionais):** Alianza heteroxénea (Militares conservadores, falanxistas, carlistas -requetés-, aristocracia, alta burguesía e a Igrexa) unida polo antilaborismo e antianarquismo. A influencia ideolóxica da Igrexa fixo ver a sublevación como unha "Cruzada" en defensa da relixión católica e a unidade de España; onde a **Orde, Disciplina e Autoridade** eran as premisas. O bando Nacional controlaban as zonas agrarias e conservadoras: Galicia, Castela e León, Navarra, Álava, Baleares (agás Menorca), Canarias e cidades illadas do sur (Sevilla, Córdoba, Granada); así como importantes minas.

En Galicia, zona sublevada, o golpe triunfou por que non atopou oposición militar (agás casos illados como o do **capitán Carratalá** en Coruña). Entre o 20 e o 23 de xullo, as guarnicións das catro provincias proclaman o estado de guerra. Obreiros e milicias concentráronse en cidades como Vigo, Ferrol e Coruña (barrio de Labañou), pero foron rapidamente esmagados polo exército profesional. Galicia convértese en retagarda do bando sublevado desde o comezo da Guerra Civil. Iniciouse entón represión sistemática contra republicanos e galeguistas. .

- **Bando Republicano (Leais):** Clases medias urbanas, obreiros, intelectuais, socialistas, comunistas, anarquistas, campesiños, pequena burguesía e nacionalistas (vascos e cataláns). Defendían a legalidade democrática, antifascismo e revolución social (en certas zonas). Dispoñían de **Milicias Populares** (formadas por partidos e sindicatos como CNT, UGT, POUM) e o que quedaba do **exército profesional fiel á República**. Controlaban os centros industriais, financeiras e os portos; así como grandes centros urbanos: Madrid, Cataluña, Valencia, Franxa Cantábrica (País Vasco, Santander, Asturias), Murcia e Castela a Mancha. Estes controlaban o **ouro do Banco de España**

3. EVOLUCIÓN POLÍTICA DAS RETAGARDAS

- **Zona Republicana (A Revolución contra o Fascismo):**
 1. Ante o golpe de estado o **gobierno de Giral reparte armas** ás **Milicias Obreiras (CNT, UGT, POUM)**. O poder real pasa a mans de Comités Revolucionarios. O que provoca unha crise de autoridade inicial cos proceso de colectivización.
 2. Durante o **Gobierno de Largo Carballero** (setembro 1936). O goberno trasládase a Valencia e intentase recompoñer o Estado e crear un Exército Popular.
 3. O caos inicial da paso a unha dualidade de poder entre o goberno os comités revolucionarios. Que darán lugar a enfrontamentos internos que toman forma nos **feitos de maio de 1937 (Barcelona)**. Un **enfrentamento interno** entre anarquistas(POUM (prioridade á Revolución) e os comunistas/republicanos (prioridade gañar a guerra).
 4. Gobierno de Juan Negrín (1937-1939). Levou a cabo unha “*política de resistencia*” a ultranza (**Os 13 puntos**), onde observamos unha hexemonía comunista (PCE). A idea era aguantar ata que estalase a II Guerra Mundial..
- **Zona Nacional (A construción do “Novo Estado”):**
 - Creouse unha **Xunta de Defensa Nacional (Burgos)**, presidida por Cabanellas, inicialmente colexiada.
 - O 1 de outubro de 1936, Franco é nomeado **Generalísimo e Xefe do Estado**, unificando todo o poder militar e civil na súa persoa. baixo un mando único.
 - En Abril de 1937, produciuse a unificación política por medio do **Decreto de Unificación** creou o partido único: **FET y de las JONS (falanxe e Carlistas)**. Franco convértese no *Caudillo*.
 - **Primeiro Goberno de Franco (1938)**. Derrogación das reformas republicanas (reforma agraria, laicismo, divorcio) e publicación do **Fuero do Trabajo**.

Aínda que en Galicia non houbo fronte de guerra, por que pasou rapidamente a formar parte da Zona Nacional. O certo é que houbo unha represión brutal contra políticos do Frente Popular, sindicalistas e intelectuais galeguistas (como **Alexandre Bóveda**, fusilado o 17 de agosto). Créanse os “*paseos*”, as sacas e os campos de concentración (como o da illa de San Simón).

Isto provoca que moitos republicanos foxen ao monte, orixinando os primeiros focos de “*fuxidos*” en Galicia (a **guerrilla**).

4. AS ETAPAS MILITARES

1. **A Guerra de columnas e o avance sobre Madrid (Xullo-Novembro 1936):** O exército de África cruza o Estreito con axuda alemá e italiana. As columnas da Lexión e Regulares

dirixidas por Franco avanza por Estremadura ata tomar Badaxoz e logo diríxese a Toledo (liberación do **Alcázar de Toledo**). Detéñense ás portas de Madrid pola resistencia das Milicias e as Brigadas Internacionais (“No pasarán”)

2. **Batallas de Madrid e as manobras envolventes (novembro 1936-Marzo 1937):** Os intentos de cercar Madrid coas batallas do **Xarama** e **Guadalaxara** son un fracaso. Nesta última, as tropas italianas de Mussolini (CTV) sofren unha importante derrota fronte ó Exército Popular. Madrid resiste (“Non pasarán”).
3. **A Fronte do Norte (Abril-Outubro 1937):** Ataque sistemático á zona industrial vasca, Santander e Asturias. Produciuse o **bombardeo de Guernica**. A caída do “cinto de ferro” de Bilbao supuxo a perda de recursos mineiros e siderúrxicos para a República. Dende esta zona norte, Galicia serviu como base loxística e os seus portos (Vigo e Coruña) foron vitais para as subministracións alemás.
4. **Ofensivas de Desgaste e avance cara ó Mediterráneo (decembro 1937-xuño 1938):** Batallas de **Brunete e Belchite** (ofensivas republicanas para aliviar o Norte) e a toma de **Teruel** (única capital de provincia tomada pola República e logo perdida). As tropas de Franco chegan a Vinaròs (Castelló), cortando o territorio republicano en dous.
5. **Batalla do Ebro (Xullo 1938-Decembro 1939):** A maior e máis sanguenta batalla. A República tenta conectar o seu territorio cortado polo Mediterráneo en Vinarós. Tras derrota republicana, Cataluña queda indefensa e cae en xaneiro 1939.
6. **Fin da Guerra:** Tras o golpe de Estado do coronel Casado en Madrid contra o goberno de Negrín (PCE), comeza a negociar unha paz que Franco non acepta. A guerra rematou o **1 de abril de 1939**; asinando Franco o último parte de guerra.

5. A DIMENSIÓN INTERNACIONAL

España foi un campo de probas militares. As potencias europeas (Francia e Gran Bretaña) promoveron un acordo internacional: **Comité de Non Intervención**; para non subministrar armas, que resultou nunha gran inxustiza para a República.

- **Apoio aos Nacionais:** Alemaña (**Lexión Cóndor**), Italia (**CTV**) e Portugal (**Viriatos**). Fundamental para o transporte de tropas e bombardeos.
- **Apoio á República:** URSS (avións, tanques e asesores a cambio do “**Ouro de Moscova**”), México e as **Brigadas Internacionais** (60.000 voluntarios antifascistas de todo o mundo).

6. CONSECUENCIAS

- **Demográficas e sociais:** Entre 300.000 e 500.000 mortos (batallas e represión), miles de exiliados e represión en ambas zonas. Posteriormente causou un gran exilio (uns 400.000 cara a Francia e México). Moitos intelectuais galegos (**Castelao, Suárez Picallo**) marchan ao exilio onde manterán viva a cultura galega. Créanse dúas Españas enfrontadas cun trauma colectivo que duraría xeracións.
- **Económicas (ruína total):** Destrución de 8.000 km vías férreas, 250.000 vivendas (pobos enteiros foron borrados do mapa), 3.500 km de estradas, perda de gando e débeda de guerra inmensa. A industria retrocedeu a niveis de 1900 e a agricultura cae un 20%. A política de autosuficiencia franquista provocou os “**anos da fame**” e o racionamento durante toda a década de 1940.
- **Políticas e culturais:** Desaparición da democracia e implantación dunha ditadura de carácter militar, católica tradicionalista e centralista (réxime Franquista, 36 anos, 1939-1975).

Rompeuse a convivencia, represión sistemática en ambas retagardas e instauración dun sistema baseado na división entre “vencedores e vencidos”. Supresión das autonomías (Estatuto de Galicia de 1936 queda sen efecto). Perda de figuras como Machado (morto no exilio), Lorca (asasinado), Picasso ou o científico Severo Ochoa. A censura e o nacionalcatolicismo dominaron a vida cultural. Preludio da II Guerra Mundial; amosou a efectividade da guerra moderna (bombardeos sobre poboación civil).